

ENXAME

Aprende a dicir “non”.
Embute esa palabra na boca,
pero enteira, mira ben que non quede
nada fóra. Deixa que che ande pola lingua.
Practica con ela diante do espello, sácaa da boca,
pon caretas, aprende a apreciar o seu sal
e o seu amargor. Apréndelle a pousárseche no beizo,
a zunir, a recoller pole do teu brillo de labios azucrado.
Fai que enxamee entre as túas meixelas.

Logo, cando cheguen os días (moitos
haberá) en que el puxe de máis, fale estoxadizo,
cando a man que se che pousou na coxa
che meta unha puñada no estómago, cando
o gremlin cabrón de dentro che bisbe que non
paga a pena revolveuse, diga que xa terás tempo mañá
de pedir polo que vales, cando as costelas
che mingüen, cando el debuxe o seu Sorriso Todopoderoso,
cando che vaian catro encima asemade, cando
lle queiras a outro, cando o bar
esteá para pechar e pases a chamarte Pilla
A Que Poidas, cando as rapazas te odien
de todos os xeitos, cando o queiras ata a queimadura
con que só puxese outra cara, daquela

retrae os labios, regaña os dentes que afiaches

ata alcanzar a aguda perfección, saca
a lingua-aguillón, ceiba o enxame.

Jeanann Verle

SE ALGUNHA VEZ CHE FAI FALTA, VELAQUÍ O TES

Toma, para ti
Arríncao do libro
ou saca unha copia
prégao pola metade
e vólveo pregar
e méteo na carteira
ou entre o colchón e o canapé
ou pégo con celo pola parte de abaixo da mesa
para que estea aí
por se acaso.

Ten claro isto: o que lle ocorreu
ao teu corpo
á túa mente
ao teu corazón
non é culpa túa.
Nin o merecías
nin o provocaches.

É coma culparte a ti mesma
se alguén che dá na man

cun martelo.
(se ese alguén es ti,
solta o martelo.
Que sexa un accidente.
Que sexa a última vez.)

O corpo, corazón, cerebro sabe
como facer para sandar. Sabe como
facer para retecer. Para suturar
e asegurar. Deixa, que el se entende.
O teu corpo é de teu. O teu corpo
ha ser sempre de teu.

Ti non es o que ocorreu.
Isto non é
a túa vida enteira. Ti non falas
un idioma feito disto, isto non é
o teu nome.

O teu nome é o teu.

Que o teu nome sexa
O nome dunha persoa
capaz do impensable:
Érguese e segue adiante.
Estás en pé. Estás a tomar
unha ducha e a comer o almorzón.
Estás indo ás clases

ou ao traballo. Estás a facer
 cousas difícilísimas. Ti sigue
e non te pares e chega
o verán. Ri aínda que sexa
de rabia. Abre a boca
e os puños. Conta a verdade.
Cóntallo a unha amiga. escoita
un corazón alleo. Está a latexar
un milagre. Estadades
As dúas aquí.

As cicatrices novas
Brillan. Sé toda canta purpurina
Necesites.

Daphne Gottlieb

O CRUSH

Estás de pé nunha sala escura e crías unha árbore dentro do
peito. A cor rosa é o teu himno nacional.
Fuxiches da cidade en chamuscas, mais agora esmuxícache o peto.
El pestanexa e levanta po.
Es un pozo que tentá apagar a propia sede,
un tigre que lambe a zoupa ensanguentada.

Ninguén che ten o olio encima, ti es toda olios.
El é tecnoloxía da era espacial.

Ti es un puño recheo de dedos. El é un fantasma sen saba.
Ti es unha serra que zuna no bosque.
O único que endexamais quixeches é máis.

Karen Finneyfrock

RECORDANDO A NOITE EN QUE NOS COÑECEMOS

Despois da festa viñeches directo cara a min
e eu dei por feito que che interesaba Amanda,
aquela rapaza que era unha lámpada fluorescente, longa, fina
e luminosa, no medio dunha mosquitada zumbadora de mozos.

Acordo pensar que eras listo: facíaslle a rosca
á amiga chapona, a que levaba vestido con tenis,
a que acudía seguido ás mesas dos petiscos gratis,
a que mastigaba un vaso de plástico cheo de xeos.

Xa sabes: eu. Conque deille todo o meu apoio ao que
crin que era o teu plan e presenteiche en consecuencia
a Amanda unha vez e outra e outra, agardei
os dous minutos de rigor e escuseime logo

para poderdes obrar a vosa maxia en soidade. Recordó
a rabia que me daba ver que volvías seguido, preguntábame
Este idiota pensa que son o chulo de Amanda ou que?
Nin me pasou pola cabeza, xúroo, que ninguén

puidese estar interesado en min, cando había tantas
outras opcións indubidablemente preciosas na sala:
rapazas rosadas e acendidas polo viño, o sorriso fácil,
a columna ergueita, o pelo limpo.

Cando me deches un beixo á fin daquela noite, un toque de
peteiro,]

realmente, a escena enteira xa quedou enfocada.

Como non sabía o que dicir, collín e marchei sen máis, o teu libro
húmido na man. Mais unha cousa has de saber: ti fuches o U

do meu balbucir e enrubecer. Ese mesmo bico fixo
que o O baleiro do meu peito ceibase por fin un *Ohhhh*.

Cristin O'Keefe Aptowicz

PARA A MIÑA MELLOR AMIGA DA INFANCIA, ANTES DE QUE
PERDA A VIRXINDADE NO PALCO DO SALÓN DE ACTOS DO
INSTITUTO TENDO AS DÚAS 14 ANOS: ESCENA DO BALCÓN
VISTA DUN SÓ LADO

Silencio. Que lingua de rapaz alumea nesa boca nova?

E a punta sibilante, e a donceza o sol.

Xurde, zuna radiante, e mata o tráfico entrante
de homes e rapaces que no teu sorriso

non deixan luz para min.

Así é como crecemos,
sexo atrapallado e amigas abandonadas.
O coitelo que debemos volver contra o propio nome
só para ter mozos. Os corpos
que nunca volveremos coñecer
tan doces na súa brandura. Como
a mesma risa mudará
de xúbilo propio a risiñas contidas para impresionar
amantes. Oh,
acaso unha rosa con outro nome
non tería o mesmo recendo a laca de unllas de todo a cen
e tabaco roubado? A despedida
é ira hormonal tan doce; e a isto chámanlle *floreecer*?

Foi case coma se non che acordase
que eramos cisnes de gorxas xemelgas,
abrillantando as nosas chaquetas vaqueiras no corazón
do negror. Como puxaches os rapaces
no meu teléfono, coma pexegos gordos. Como xuramos
que nunca nos abandonaríamos, que ningún rapaz se interporía
entre nosoutras. Como habíamos de saber que o amor
nos desordenaría as células para que quixesen
aquilo que nos ía separar?
Es un membro fantasma. Un animal
malfadado. O meu pescozo de cisne xemelgo,
perdido na néboa,

chamando por sempre a compañeira.

Sara Brickman

O DIVINO SALVAXE

Despois de envorcallarnos e pelexar e envorcallarnos outra vez
sentamos no xardín de atrás antes de que chegasen os pais del
á casa, colorados e florecidos e zunindo
coas ondas acelerantes de sangue a medrar.
E eu malamente sentía as mans, entumecidas as extremidades
polo novo tacto que semellaba insoportablemente
natural e desacostumadamente acendido no forno do corpo.
Oh, a miña novidade! Oh, a miña nova obsesión: as mans del!
[Crin que podía morrer e ser feliz e encaixar unha lección de
humildade]
pola sorte dun primeiro amor e unha primeira soba con todas as
letras.]
Devecía por contadlo á mamá. Devecía por facer unha peli.
Quería saír dinamitada desde os pés descalzos ata a cidade
celeste,]
cando pasábamos o petardo no gordo vento do verán
demasiado cargado de follas de carballo, eucalipto e fume.
Crin que me daba un ataque ao corazón: alampaba por
un, eslumecía pola arremetida de adeus do mesmo modo que
toda a mocidade quere estoupar cando por fin está en chamas.
Entón, saído da placidez de alentó colocado dos montes,
chegou outro animal, un animal de verdade, un cabalo
de pelo albedreiro procedente do xardín do veciño,

o lombo arcado, máis alto ca un sombreiro de home, elevado e amarrado a nada. Baixou cun ruxerruxe a cabeza xigante para onde estábamos sentados, postos e pampos mirando para aquel]
animal que nos viña saudar no noso mozo roibén de despois. Era un cabalo merecedor dunha devoción absoluta. Fregámoslle o fociño longo, os olios grandes a xirarse para asimilarnos enteiros, inhalarnos, aceptar o noso eu de agora. E el era máis vello, o ancián de cascos sabios e gran corazón, e eu pensei que aquilo era o que significaba recibir unha bendición,]
coñecer un amor que transcendía o recoñecemento, que transcendía]
o corpo e as súas necesidades, porque ía directamente de ser salvaxe a ser salvaxe, aprobando o seu salvaxismo.

Ada Limón

SE O MEU AMOR POR TI FOSE UN ANIMAL

Quedaríanlle tres patas, mais só necesitaría dúas.

Sería bo de atrapar pero malo de matar.

Podería conter o alento o inverno enteiro e durmir de cabeza para abaixo,]
ancorado por debaixo do xeo nas algas.

Ao mollarse cheiraría a palletas de clarinete.

Crebaría todas as cousas da casa, mais adrede, en silencio, con sixilo,]
obxecto por obxecto, ao longo dun cento de anos, para ninguén se decatara.]

O seu chamar, coma unha torre de alta tensión pelexando cun golfiño de papel de aluminio no fondo do cráter dun meteorito; o seu rosar, tan grave que sacaba as cobras dos tobos.

Non sabería voar, pero sempre poderlas atopalo escondido nas alturas.]

O seu nome significaría imán. As formigas marcharían en dirección a el, pasando montañas e atravesando o fondo do mar.

Poderías meterlle o cobadazo máis forte que che petase xusto nas costelas.]

Sería tan fiel que, se adormeces antes de tomar o somnífero, habíache meter a pílula con moito xeitiño debaixo da boca.

Jennifer L. Knox

A PRIMEIRA

Eu quedaba con ela as 6 da mañá nas escaleiras do noso instituto. Ela levaba shorts vaqueiros e unha bolsa branca con dous dónuts. Eu fitáballe a entreperna mentres me contaba que os pais non entendían nada. Ela pasaba a manta por riba das dúas e poñía a película. Eu chamáballe "Compa" ao seu irmán pequeno e aprendíalle un acorde novo. Ela saía con George e Max e cuscubiñábame polo teléfono. Eu pasaba un verán enteiro a mirar como ela marchaba pedaleando na bici. Ela deixaba de facer cortes nas coxas, entre os dedos das mans. Eu quedaba a durmir onda ela, pasáballe as unllas polo pelo corto e granate. Ela chorábame mocos no suadoiro antes da terceira clase, sangrando. Eu embutíame no seu armario e falaba ata chegaren os limpadores. Ela animábame no campo, cos shorts azuis e o brazaete de CAPITANA. Eu mirábaa nadar en silencio, unha agulla vermella no espazo azul. Ela arrasaba en bioloxía e eu lataba a esa hora para pintar ou ocultarme. Eu dicía Puta despois de colgar o teléfono porque non me viñera ao aniversario. Ela dicía Bisexual cunha risiña mentres na escuridade eu abría moito os ollos. Eu falaba en letras de cancións e escribía o meu diario en follas. Ela dicía amor primeiro, xusto antes das clasificatorias deportivas do verán. Eu saía da súa casa cando raiaba o día, cegada, sedenta, sen beixala. Ela alentábame ao oído coma un reloxo, dicía amor primeiro. Eu subestimaba as miñas propias mans, rendíame, desbobinábame. As dúas ocultábámolo dous meses coma un frasco de sangue debaixo da cama. As dúas contabámosllelo a nais, pais, amizades, e houbo quen quedou e

quen marchou. As dúas soterrábamos gatos, perdíamos carreiras, discutíamos ata o amencer. As dúas chegabamos, cadrís á boca, desfacéndonos en risas, outra vez. As dúas perdiámonos, unha enganando cun rapaz, a outra rachando cartas. As dúas deixabámonos de falar, esquecíamos, tocábamos, tentábamos durante meses a boca. Eu berraba dous anos na cova do seu pescozo suave. Ela empezaba a beber, saír con homes, unha moza, borraba o meu número. Eu estudaba mapas, coidaba dos cativos dos vecinos, aforraba. Ela quedaba na nosa cidade, traballaba coa natureza, previña incendios forestáis.

Shira Erlichman

1943

Eran as 6:15 da maná, cando o hospital aínda durmía, fóra do calzado rinchante das enfermeiras de tacos brancos, as amas branco xiz daqueles pavilions

A alba raspara o baixo ventre polo ceo adiante,
cascara o aire coma un ovo,
a xema do sol, cun veo de rosa apigarado de sangue

Levabas toda a noite a morrer. Eu impaba e ti
impabas as horas pasar, mais ao final foi
ti morrer e eu aínda vivir e fitar

Vin como o teu pelo de prata amarelecía e os matices da túa pel se desintegraban nese instante da morte, vin a flor de cinco dedos que tiñas por man

e como se cerrara e apertara se cerrara e apertara

O teu pasamento non foi inesperado iamos vellas e cbegárame a hora

As 6:22 a primeira frota de médicas e enfermeiras entrou no teu cuarto co silencio habitual que é o coche fúnebre acompañante da morte

Ás 6:23 apagaron os interruptores que chiaban

Ás 6:24 quitáronme as vías das veas cerradas

Para as 6:30 sacáronme pola porta e dei comigo soa

Aferreime ao bolso coma se me fose unha áncora unha vella ocupada na súa tristeza

Foi entón cando acordei o teu traxe de baño azul mariño,

eras tan esvelta e a auga escapara do teu van

aquel día recendíache o pelo ao sal e ao mar e á perfección distinta que eras ti

Era 1943, eu tiña 19 anos, 11 meses e 25 días que me faltaban para os 20. Ti sempre rías e dicías que ías vellouqueira e me levabas 6 anos,

as dúas sabíamos que a diferenza de idade non era o que nos obrigaba a manter unha distancia cómoda en público a esconder os dedos entrelazados baixo a toalla da praia, as areíñas a durmir entre as palmas apertadas

era a semellanza da nosa silueta as nosas bocas que se alimentaban mutuamente co discurso do sangue] os cosméticos compartidos, o segredo da pube e todos os misterios descifrados co frotar

era como nos peiteabamos unha a outra, nos lavábamos os pés eu termendo do teu nocello delicado e repasando cunha esponxa mollada a túa impecable fileira de dedas

eramos compañeiras de piso

eramos vellas celibatas sen fillos
eramos condenadas de deus
e entón accedemos
a outro estado ignoto
outra cousa que habían remirar
poñer a feder e etiquetar de machorras
os veciños

aguantamos sesenta e oito anos
indefinibles, dúas Helenas que
partirán da súa Troia

deixaran os homes a porfiar nas súas guerras parvas

e agora ás 7 da mañá dun venres,
o mundo esperta para tomar o seu café cargado
os homes arrean o pescozo coa gravata,
as mulleres parafusan a faciana

non fomos estritamente un amor non correspondido
só non recoñecido

a palabra esposas un seixo foráneo na lingua do mundo

Ai, como bailabas
cando soaba o Duke coa súa
Sentimental Lady,
un saxofón rouco

apoiándose nas notas coma un pescozo,
o meu vestido de algodón premido
entre a túa palma cóncava
e o final do meu lombo

a solleira un regalo que nos entraba
a cachón pola fiestra

o perfume de nós
o perfume de nós

Levas quince minutos morta
e os médicos arrodéanme
cos seus portafolios
e preguntas e papéis

É da familia?
Irma?
E da familia?

Son, digo.
Unha última mentira verdadeira,
miña rula

Si. Somos familia.

Jessica Helen Lopez